

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día 13 de agosto de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia das ilustrísimas señoras concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como concelleira secretaria, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. SECRETARÍA XERAL.- Aprobáronse as bases para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo de secretaria/o xeral do Pleno e de interventor/a xeral do Concello de Lugo.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

2. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobouse a apertura da convocatoria e das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica, que desenvolven a súa actividade no eido da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais para o exercicio económico 2025.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

3. PERSOAL.- Aprobouse o nomeamento dun funcionario, en comisión de servizos, para o posto de encargado da Brigada de Augas deste Concello.

4. FOMENTO.- Aprobouse o modelo normalizado de convenio a través do cal se canalizarán, salvo excepcións xustificadas, as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal do ano 2025 e as delegación nos tenentes/as de alcalde e concelleiros/as delegados/as das atribucións correspondentes á aprobación dos convenios reguladores das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos do ano 2025.

Tamén se aprobou o texto e sinatura do convenio marco de colaboración entre a Universidade de Salamanca e o Concello de Lugo, para a realización de prácticas curriculares de grao por parte de estudantes da Universidade de Salamanca.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Ref: 25extractoxg34

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-8-2025

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Resolvéronse os recursos de reposición interpostos contra a resolución da contratación dun servizo de elaboración dun protocolo para minimización de residuos en festas de interese turístico enmarcado no Plan de Sostibilidade Turística en Destino do Concello de Lugo "PSTD: ...ET EDENDO, LUCUS: UN RECORRIDO HISTÓRICO POR LA ENOGASTRONOMÍA"-FINANCIADO A TRAVÉS DEL MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO-PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA - FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA -NEXTGENERATIONEU-CÓDIGO DE PROYECTO: 23MRRXX43201. EXP. REF. 2025/C003/000004 e, en consecuencia, levantouse a suspensión do procedemento.

Aprobouse a apertura do procedemento de adxudicación da obra de reurbanización do carril das Flores. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento de adxudicación (exp. ref. 2025/C002/000018); aprobouse a adxudicación das obras de rexeneración de firme na rúa Agricultura (exp. ref.: 2025/C002/000010) e aprobouse a adxudicación das obras de mellora da intersección da avenida Afonso X, O Sabio, coa ronda de Fingoi (Exp. Ref.: 2025/C002/000009).

<i>Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial e segunda suplente do concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.</i>
